

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE DINAMIZACIÓN PROFESIONAL E SECTORIAL NO EIDO ESCÉNICO EN 2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) pretende formalizar coa **Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a **sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2024**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic de accións de dinamización profesional e sectorial no eido escénico durante o ano 2024 que desenvolve a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas e que se estruturan en tres eixos de actividades: 1) accións de formación, acompañamento profesional e asesoramento, a través do desenvolvemento do proxecto "Acompaña", acompañamento e consultoría personalizado e perfilado segundo as necesidades das compañías; asesoramento legal nos ámbitos laboral, fiscal e administrativo e asesoramento en cuestións sectoriais de ámbito estatal. 2) accións de estudo, coñecemento sectorial e promoción, centradas nos mapeos, análise de datos e estudos sectoriais, nova liña de traballo que en 2024 se centrará na análise do funcionamento das redes de distribución escénica en Galicia, e coa asistencia a feiras, foros e mercados de carácter sectorial. 3) accións de xeración de oportunidades e dinamización sectorial, co desenvolvemento de IV xornada de venda e promoción escénica enfocada aos espazos de programación públicos e privados de Galicia, e coa segunda edición dos "Recoñecementos Escena Galega", como recoñecemento ao esforzo e o traballo das persoas que conforman o sector das artes escénicas en Galicia.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia a feiras escénicas e encontros sectoriais de carácter estratéxico así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas de artes escénicas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos.



A Asociación vén apostando decididamente nos últimos tempos polo apoio ás estruturas profesionais asociadas, reforzando o seu papel como asociación prestadora de servizos específicos que redunden na modernización das fórmulas de traballo, capacitación profesional e mellora da xestión das empresas produtoras; establecendo accións e propostas transversais que repercutan na actualización, competitividade e modernización do sector e mellorando e actualizando as estratexas de comunicación e difusión tanto da entidade, como representante das produtoras asociadas, como das mesmas produtoras en contextos profesionais específicos.

A Agadic presta especial atención ao eido do asociacionismo profesional apoiando medidas e iniciativas concretas das diferentes entidades aglutinadoras do sector profesional que desenvolven unha actividade crecente tanto de cara ao servizo dos asociados coma á visibilización do tecido profesional dos diferentes sectores culturais. E todo este esforzo no fomento do sector escénico que realiza a Asociación tanto a nivel representativo como de dinamización e promoción coincide plenamente coas liñas de traballo da Agadic no que atinxe ao impulso da cooperación e do asociacionismo nos distintos sectores culturais, así como no establecemento de medidas para aumentar a presenza nos mercados culturais e de apoio aos procesos formativos, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

